



Life Fluvial

O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais.



Este reservorio de auga construíuse no 1975, a fin de compensar os períodos de seca que puidesen poñer en compromiso o subministro de auga. Na actualidade o encoro abastece á cidade de A Coruña e á súa área metropolitana (uns 400.000 habitantes). O encoro localízase na zona da desembocadura do río Barcés no Mero, o cal prosigue o seu curso natural ate a súa desembocadura na Ría do Burgo situada a 11 Km augas abaixo. A capacidade do encoro cifrase en 22 Hm³, alimentado por unha bacía que presenta unha superficie de 228 km².

- 1 Procedeuse á eliminación de especies exóticas invasoras cuxa presenza ligaase a antigos aproveitamentos agrícolas e forestais ou ben a axardinamentos. O control realizouse de forma selectiva e preferentemente manual (salvo para a retirada de grandes plantas), sen empregar herbicida, baixo protocolos técnicos con criterios científicos, avaliados e autorizados pola Comisión Europea e autoridades competentes de Galicia




Encoro de Abegondo - Cecebre



Especies invasoras presentes no espazo



- FLORA
- Piñeiro de monterrei (*Pinus radiata*)
 - Eucalipto (*Eucalyptus spp.*)
 - Mimoso (*Acacia dealbata*)
 - Falsa Acacia (*Robinia pseudoacacia*)
 - Chopo do Canadá (*Populus x canadensis*)
 - Vimbieira (*Salix viminalis*)
 - Vimbieira branca (*Salix fragilis*)
 - Herba da pampa (*Cortaderia selloana*)
 - Cartucho (*Zantedeschia aethiopica*)
 - Crocosmia (*Crocosmia x crocosmiiflora*)
 - Hortensia (*Hydrangea spp.*)
 - Xuncia olorosa (*Cyperus eragrostis*)
 - Eixerón (*Conyza canadensis*)
- FAUNA
- Cangrejo sinal (*Procambarus clarkii*)
 - Black-bass (*Micropterus salmoides*)
 - Peixe mosquito (*Gambusia affinis*)
 - Ameixa asiática (*Corbicula fluminea*)
 - Bico de coral (*Estrilda astrild*)
 - Visón americano (*Neovison vison*)



A importante función que tenhen os bosques e herbais no espazo, vese reforzada polo somero das augas do encoro, que se atopan nun estado moi próximo á naturalidade, e en consecuencia é posible identificar unha variada flora e fauna acuáticas



O mantemento da estabilidade da lámina de auga permitiu que nas colas do encoro estableceránse sendas áreas pantanosas, nas que se desenvolven diferentes tipos de ecosistemas húmidos, como herbais higrófilos, prados húmidos de sega, ou bosques lamacentos, dominados por salgueiros e ameneiros



- 2 Retiráronse os restos dun antigo valado que delimitaba a propiedade do Encoro, que pode ser un foco de contaminación e dificultaba a permeabilidade para as especies silvestres
- 3 Trala eliminación das especies exóticas invasoras, favorécese o desenvolvemento da vexetación nativa, ben de xeito natural, ou ben incorporando plantas de especies nativas (freixo, salgueiro, carballo, pradairo) e de orixe local, de modo que o resultado previsto é o aumento da superficie ocupada polos hábitats (91E0*) dos corredores fluviais e dos humedais asociados a estes, e en consecuencia, a mellora do seu estado de conservación

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica.

LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021

